

PRÓXIMA PARADAAAA!... PALESTINA

TALLERES PARA FAMILIAS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

24 xaneiro - 24 maio 2026

Horario: sábados e domingos, de 11:00 a 13:00 h

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Sara Donoso

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Volvemos voar polo mundo con esta nova edición dos talleres para familias! Unha proposta onde pequenos e maiores poderán experimentar a arte contemporánea a partir do traballo de diversos artistas de zonas xeográficas nas que moitas veces non se pon o foco.

Nesta ocasión, aterramos nun lugar moi especial: Palestina. Un territorio devastado e cun futuro incerto, que garda unha cultura viva, unha historia e unhas tradicións que cómpre coñecer, respectar e celebrar. A través das obras de diferentes artistas, achegarémonos á arte como xogo, protesta, expresión ou sanación. Xogaremos coa abstracción e a figuración, coa creación de mundos en miniatura, coa exploración do espazo e da ficción científica, coa arqueoloxía inventada, co movemento e a interacción dos corpos, coas historias familiares, coa tradición culinaria e coa luz.

SAMIA HALABY

Sábado, 24 de xaneiro. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos

Domingo, 25 de xaneiro. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos

Prazo de inscrición: do 15 ao 22 de xaneiro

Samia Halaby foi unha das primeiras artistas palestinas en investigar as posibilidades da pintura abstracta. Neste obradoiro, imos inspirarnos nos seus vibrantes cadros para crear composicións cheas de enerxía e movemento, ideando novas formas de pintar con obxectos, teas e outros materiais. Axudarémolle á pintura a saír do seu formato bidimensional para convertela noutra cousa: nunha escultura, nunha instalación que se expande polo chan, nun libro de artista... Tamén xogaremos coa superposición de cores e mesmo descubriremos a forma de pasar da figuración á abstracción, e viceversa!

MIRNA BAMIEH

Sábado, 21 de febreiro. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos

Domingo, 22 de febreiro. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos

Prazo de inscrición: do 10 ao 19 de febreiro

Para Mirna Bamieh é moi importante defender a súa terra e a súa cultura. A través da arte, cuestiona, denuncia, expón e visibiliza a situación do seu país e contribúe a que non se perdan as súas tradicións. A artista emprega a comida como un símbolo de unión entre persoas, recuperando receitas que conectan xeracións e combinando as artes culinarias coa *performance* e coa narración oral. Inspirándonos no seu traballo, exploraremos como a cociña pode converterse nun espazo de encontro e memoria: homenaxearemos as nosas propias tradicións familiares a través da creación dun gran recetario colectivo, xogaremos cos sabores e coas texturas para inventar comidas imaxinarias e descubriremos tamén as posibilidades pictóricas e sensoriais dos alimentos.



iVolvemos a volar por el mundo con esta nueva edición de los talleres para familias! Una propuesta en la que pequeños y mayores podrán experimentar el arte contemporáneo a partir del trabajo de diversos artistas de zonas geográficas en las que rara vez se pone el foco.

En esta ocasión, aterrizamos en un lugar muy especial: Palestina. Un territorio devastado, con un futuro incierto, que guarda una cultura viva, una historia y unas tradiciones que vale la pena conocer, respetar y celebrar. A través de las obras de diferentes artistas, nos acercaremos al arte como juego, protesta, expresión o sanación. Jugaremos con la abstracción y la figuración, con la creación de mundos en miniatura, con la exploración del espacio y de la ciencia ficción, con la arqueología inventada, con el movimiento y la interacción de los cuerpos, con las historias familiares, la tradición culinaria y la luz.

SAMIA HALABY

Sábado, 24 de enero. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años

Domingo, 25 de enero. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años

Prazo de inscrición: del 15 al 22 de enero

Samia Halaby fue una de las primeras artistas palestinas en investigar las posibilidades de la pintura abstracta. En este taller nos inspiraremos en sus vibrantes cuadros para crear composiciones llenas de energía y movimiento, ideando nuevas formas de pintar con objetos, telas y otros materiales. Ayudaremos a la pintura a salir de su formato bidimensional para convertirla en otra cosa: una escultura, una instalación que se expande por el suelo, un libro de artista... También jugaremos con la superposición de colores e incluso descubriremos la forma de pasar de la figuración a la abstracción, ¡y viceversa!

MIRNA BAMIEH

Sábado, 21 de febrero. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años

Domingo, 22 de febrero. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años

Prazo de inscrición: del 10 al 19 de febreiro

Para Mirna Bamieh es muy importante defender su tierra y su cultura. A través del arte, cuestiona, denuncia, expone y visibiliza la situación de su país, contribuyendo a que no se pierdan sus tradiciones. La artista utiliza la comida como un símbolo de unión entre personas, recuperando recetas que conectan generaciones y combinando las artes culinarias con la *performance* y la narración oral. Inspirándonos en su trabajo, exploraremos cómo la cocina puede convertirse en un espacio de encuentro y memoria: homenajearemos nuestras propias tradiciones familiares a través de la creación de un gran recetario colectivo, jugaremos con los sabores y las texturas para inventar comidas imaginarias y descubriremos también las posibilidades pictóricas y sensoriales de los alimentos.

DIMA SROUJI

Sábado, 7 de marzo. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 8 de marzo. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 25 de febreiro ao 5 de marzo

Arquitecta e artista, Dima Srouji investiga a memoria das cidades a través dos seus obxectos e restos arqueolóxicos. Como unha auténtica detective, examina os edificios, os mapas e as características do territorio para protexelos do esquecemento ou denunciar inxustizas. Inspirándonos no seu traballo, combinaremos distintos materiais para crear os nosos propios tesouros, construiremos recipientes onde gardalos como se fosen auténticas reliquias e idearemos espazos para protexelos. Ademais, exploraremos as posibilidades dos mapas para transformalos en paisaxes lúdicas, sairemos a descubrir as historias que agochan as nosas rúas e elaboraremos amuletos con esencias, flores, sementes ou follas, convertendo a memoria familiar e os elementos naturais en creacións simbólicas que poderán acompañarnos sempre.

MONA HATOUM

Sábado, 18 de abril. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 19 de abril. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 9 ao 16 de abril

Mona Hatoum transforma o cotián en algo sorprendente, xogando co tamaño das cousas, coa presenza ou a ausencia e coas relacións das súas obras coas persoas. No seu traballo, obxectos domésticos convértese en mundos, as sombras cobran vida e o corpo actúa como instrumento e mensaxe. Neste obradoiro, exploraremos eses cambios de escala creando minimundos, inventaremos artefactos que só funcionan se dous participan xuntos e xogaremos con dinámicas de parella e movemento inspiradas nos seus vídeos. Sorprenderémonos co noso corpo e deixaremos rastros creando novos espazos con luces e siluetas.

LARISSA SANSOUR

Sábado, 23 de maio. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 24 de maio. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 12 ao 21 de maio

Larissa Sansour mestura a ficción científica co cómic, co vídeo e coa instalación para propoñer futuros alternativos e preguntarse como se constrúe a política e as historias que contamos. A súa obra lévanos ao espazo exterior, ao futuro ou a universos habitados por seres moi diversos, combinando humor, distopía e crítica social. Inspirándonos, crearemos países imaxinarios con forma de rañaceos, inventaremos personaxes e poderes, exploraremos planetas por descubrir e construiremos un gran universo colectivo feito de luces, sons e materiais sorprendentes.

INSCRICIÓN: Todos os talleres son de balde. Para participar, é necesario enviar, dentro dos prazos establecidos, unha mensaxe de correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. A mensaxe deberá incluír o título da actividade, os nomes e as idades das persoas que desexan inscribirse, un teléfono e un enderezo electrónico de contacto. Só se admitirán as solicitudes daquelas persoas que teñan a idade sinalada para cada un dos talleres. As prazas cubriranse por orde de inscrición. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación.

PAZAS: 10 menores por taller. Cada menor poderá asistir acompañado de 2 familiares como máximo.

DIMA SROUJI

Sábado, 7 de marzo. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 8 de marzo. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Plazo de inscripción: del 25 de febrero al 5 de marzo

Arquitecta y artista, Dima Srouji investiga la memoria de las ciudades a través de sus objetos y restos arqueológicos. Como una auténtica detective, examina los edificios, los mapas y las características del territorio para protegerlos del olvido o denunciar injusticias. Inspirándonos en su trabajo, combinaremos distintos materiales para crear nuestros propios tesoros, construiremos recipientes donde guardarlos como si fueran auténticas reliquias e idearemos espacios para protegerlos. Además, exploraremos las posibilidades de los mapas para transformarlos en paisajes lúdicos, saldremos a descubrir las historias que esconden nuestras calles y elaboraremos amuletos con esencias, flores, semillas o hojas, convirtiendo la memoria familiar y los elementos naturales en creaciones simbólicas que podrán acompañarnos siempre.

MONA HATOUM

Sábado, 18 de abril. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 19 de abril. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Plazo de inscripción: del 9 al 16 de abril

Mona Hatoum transforma lo cotidiano en algo sorprendente, jugando con el tamaño de las cosas, con la presencia o la ausencia y con las relaciones de sus obras con las personas. En su trabajo, los objetos domésticos se convierten en mundos, las sombras cobran vida y el cuerpo actúa como instrumento y mensaje. En este taller exploraremos esos cambios de escala creando mini-mundos, inventaremos artefactos que solo funcionan si dos personas participan juntas y jugaremos con dinámicas de pareja y movimiento inspiradas en sus vídeos. Nos sorprenderemos con nuestro cuerpo y dejaremos rastros creando nuevos espacios con luces y siluetas.

LARISSA SANSOUR

Sábado, 23 de mayo. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 24 de mayo. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Plazo de inscripción: del 12 al 21 de mayo

Larissa Sansour mezcla la ciencia ficción con el cómic, el vídeo y la instalación para proponer futuros alternativos y preguntarse cómo se construyen la política y las historias que contamos. Su obra nos lleva al espacio exterior, al futuro o a universos habitados por seres muy diversos, combinando humor, distopía y crítica social. Inspirándonos en ella, crearemos países imaginarios con forma de rascacielos, inventaremos personajes y poderes, exploraremos planetas por descubrir y construiremos un gran universo colectivo hecho de luces, sonidos y materiales sorprendentes.

INSCRIPCIÓN: Todos los talleres son gratuitos. Para participar, es necesario enviar, dentro de los plazos establecidos, un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. El mensaje deberá incluir el título de la actividad, los nombres y las edades de las personas que desean inscribirse, un teléfono y una dirección de correo electrónico de contacto. Solo se admitirán las solicitudes de aquellas personas que tengan la edad indicada para cada uno de los talleres. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación.

PLAZAS: 10 menores por taller. Cada menor podrá asistir acompañado de 2 familiares como máximo.